


## ACTIVISTA LGTBI EN ALAS\*

*"Tardei moito tempo en darme conta que era bisexual e, ante a falta de referentes, fun pola miña conta experimentando na universidade, probando cousas, lendo moito e falando con amigas e xente coñecida até que dixen, pois é isto".*

\*(Asociación pola Liberdade Afectiva e Sexual da Coruña)



Son do barrio, sempre vivín na Ronda de Outeiro con meus avós e miña nai, entre Agra, Katanga e Labañou e fun ao Rafael Dieste, crieime aquí. É o meu barrio, por iso faime ilusión que me convidarades a participar, tócame de cerca.

Estudei Xornalismo e Ciencias Políticas en Santiago, gústame moito estudar e tamén entender as Ciencias Sociais, por iso acabei metida no activismo, porque deime conta estes anos estudando e facendo o Máster de Investigación de Métodos que era un tema que me importaba.

Lembro que cando estaba en 3º e 4º da ESO encadrábame como heterosexual, pero nunca descartei que me gustara unha muller, en realidade tiña un gran descoñecemento. Falárase unha vez de que unha compañeira doutro curso era bisexual e foi como, ala! Que forte! Daquela eu calei a boca, pero tiña curiosidade.

Acabei o instituto no 2010 e fai dez anos non tiñamos referentes de persoas transexuais ou bisexuais, había sobre todo pola televisión referentes de persoas gais, pero máis aló de Jorge Javier e Jesús Vázquez faltaban os referentes femininos.

Tardei moito tempo en decatarme que era bisexual, foi a través dos estudos que puiden descubri-lo e considero que iso non debera ser así, unha persoa debera sabelo desde pequeniña, pero como non temos referentes, pois non dispoñemos desa opción. De aí que me pareza tan importante traballar no activismo para expoñerlle referentes á xente.

Haberá uns cinco anos tiven a sorte de empezar a saír cun rapaz co que coincidín nunha visión das relacións moi aberta, separando a sexualidade da afectividade, que poden ir xuntas, separadas, por un lado ou polo outro, as dúas ou ningunha. E tiven a sorte de atopalo a el, que entendía as relacións como as entendía eu e que estaban baseadas no respecto básico polas persoas. Descubrín que podo querer a unha persoa dunha forma e a outra persoa doutra, sen limitarnos a esa estrutura hetero-normativa baseada na media

laranxa para toda a vida, porque non se atopa un amor exclusivo, non existe unha persoa para ti, de feito poden existir múltiples persoas.

Se teño unha relación poliamorosa alguén poderá chamarme viciosa, enferma ou o que sexa, pero non é un ataque diario. Teño un grupo de amigas moi fortes, teño apoio social, a miña familia e miña nai sabe todo isto e non me pon ningún tipo de problema, no meu caso, son consciente dos privilexios que teño e por iso intento axudar a outra xente.

En Alas (Asociación pola Liberdade Afectiva e Sexual da Coruña) estou contenta polo uso do termo "liberdade afectiva/sexual", porque considero que a liberdade afectivo-sexual é das cousas máis reprimidas de xeito inconsciente que temos sen sabelo.

A palabra queer, que en castelán ou galego sería marica, engloba todo o que está fóra do ámbito da normatividade. No mundo anglosaxón houbo un movemento de re-apropiación do termo e toda esta xente que se identificaba como maricón fíxose coa palabra queer, que pasou a identificar a todas as persoas que se engloban no colectivo LGTBIA.

Eu comecei na asociación hai seis meses e estamos intentando tocar todos os paus; este ano son os encontros estatais lgtb, que imos organizar desde A Coruña; por outra banda estamos a traballar no ano temático (organizado desde a Federación Estatal de Lesbianas, Gais, Transexuais e Bisexuais) de Mulleres LTBI para impulsar a presenza feminina no activismo e tamén estamos pechando "Maiores sen Armarios", para visibilizar á poboación maior que decide reivindicarse.

Tamén estou moi concienciada coas persoas transexuais que o precisen, porque eles son o colectivo que está máis en precario neste momento. O meu traballo fin de máster foi sobre dereitos trans, e hai unha moi grande diferenza entre os nenos que nacen agora que teñen pais concienciados e o que pasaba hai dez anos. O mesmo que me acontecía a min cando non sabía se era bisexual, pero coa complicación de non saber se es home ou muller. Eu empatizo moito neses casos porque non podes ser ti, non te aceptan porque non entenden o que es, con todos os problemas que pode supoñer non expresar a túa propia identidade, que é algo moi básico.